

Unha nova escrita de mulleres

A escritora Medos Romero presenta 'Dubido que matei a Lena', un libro fermoso habitado polas interrogantes da condición humana

En *Abismos*, a nova serie de Xerais Peto, que axuda claro que si á continua renovación da literatura e que, polas mostras do ata o de agora editado, pode converterse nesa fiestra pola que asomen e se deixen escoitar os berros creativos de narradores e de narradoras mozos que acompañan o inconformismo coa calidade literaria; en *Abismos* dicía, fai a súa estreia como narradora Medos Romero. Medos Romero, que xa non é tan moza —no caso por suposto de que a xuventude non vaia por dentro— e a que coñecemos polas súas entregas poéticas (*Amome en por min*, *Rendéome no tempo*) debuta como narradora por partida dobre.

En primeiro lugar, cun texto *Todo contrastado* no volume referencial da serie, *Narradoras*, un relato-pesadelo que nos adianta o que imos atopar na súa segunda achega, este libríño de relatos, curto pola exigüidade das súas páxinas e polo formato das súas narracións, pero moi amplo pola profundidade ferinte das súas ideas.

O título da primeira *Dubido se matei a Lena*, dálle nome a toda a escolma e coído que acertadamente, porque Lena é un dos personaxes que se vai e aparece intermitentemente ao longo do libro.

Se o lector gusta do relato curto, dunha narrativa aberta, fragmentada en canto á súa estrutura, pero dun calado inmenso, *Dubido se matei a Lena* debería ser un dos seus libros de cabeceira durante semanas, porque estas vintasete prosas fugaces (cada unha delas non esixe máis de dous minutos pra lela) demandan unha segunda ou terceira lectura, todas elas enriquecedoras e que non esgotan, penso que nunca, as mensaxes sobre todo implícitas que encerran as súas poucas liñas.

Valéndose de personaxes femininas que, como se dicía, aparecen e desaparecen coma guardiás e tamén dalgún actor masculino, Medos Romero fálanos á envorca da condición humana,

DUBIDO DE MATEI A LENA

Medos Romero
Xerais, Abismos
66 páxinas



das nosas feblezas, das teas de araña que nós mesmos construímos e que nos atrapan sen remedio, de desexos agochados, de soños e obsesións. De desazóns, medos negros, de imaxes e de fixacións recobradas da nenez que noutrora nos deron noxo e que hoxe acaso nos producen morbo.

Todo escrito nunha grande nudez que se converte asemade na forza destes relatos, unha forza que, por veces, nos paraliza ou nos deixa de pedra, nos aglaia ou desasosega. Unha sorte de invisible fio interior semella darlles unidade a estas prosas fragmentadas.

Quizais sexa a perspectiva, a forma

de ollar o vivir humano, como se fose un relampo feito desde un hospital, onde nos atopamos espidos e doentes, sen trampa nin cartón, pero onde hai alguén, cuidador, terapeuta... que escoita as nosas paranoias, que pon as súas luvas de látex e enxáboa o corpo desa muller fúgaz e nese intre xorde a conxunción do amor e do desexo calado e o percorrido do corpo da muller é unha tentación e un desempere.

Desde o mesmo punto de mira, pero limitándose esta vez a autora a relatar o que é o morrer sós no cuarto dun hospital e a rutina profesional do persoal cuidador, pecha Medos Romero o libro cun relato certamente estremeecedor e do que reproducimos unhas liñas que amosan con bastante fidelidade o estilo descarnado, rotundo e peyoratorio, pero á vez paradoxalmente poético da narradora: "Baixárona tapada cunha saba branca. Levaba no peito e nos pés o seu nome pegado, un número máis. Ninguén sentiu nada por ela. Baixárona naquel saqueto de plástico gris, e alí, pechada, abafouse o adeus duna vida".

En definitiva, un libro á vez fermoso e paralizante, habitado por todas as interrogantes e planos da condición humana, entre elas o erotismo, forte e transgresor unhas veces, sutil e esvaradío outras. Tamén por unha certa intención e idea reivindicativa e revoltosa, quer desde unha perspectiva xenérica como muller, quer desde o nexo máis amplo da especie humana en xe"... fáloume do marxismo a min que xa sabía daquela que todos nós eramos igual de pobres".

Algo así é a escrita de Medos Romero, unha escrita profunda, innovadora dentro do panorama da literatura feita por mulleres en Galicia e que un sinceramente desexaría ver renovada con frecuencia, porque, e está dito sen ningunha retórica, remóvenos os alicerces da alma.

F. Martínez Bouzas